

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Outubro 2008

NOTA DE PRENSA

En outubro de 2008 os prezos dos bens exportados en Galicia diminuíron en termos interanuais un 2,6% e os dos bens importados aumentaron un 2,4%

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 2,6% en outubro de 2008 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron un incremento interanual do 2,4%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados creceron un 2,7% e os dos importados un 6,3%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo foi do -0,7%, do -2,6% para os bens de consumo e do -2,9% para os bens intermedios.

Nas importacións, os prezos dos bens intermedios e dos bens de consumo aumentaron con respecto a outubro de 2007 un 2,1% e un 5,5% respectivamente. Pola contra, os prezos dos bens de equipo diminuíron un 13,3%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Outubro 2008

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
ÍNDICE XERAL	-2,6	2,7	ÍNDICE XERAL	2,4	6,3
Bens de consumo	-2,6	-0,4	Bens de consumo	5,5	3,2
Bens de equipo	-0,7	15,3	Bens de equipo	-13,3	-28,4
Bens intermedios	-2,9	3,7	Bens intermedios	2,1	10,3

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse unha diminución interanual do 2,4% para os bens con destino á UE-25 e do 9,2% para países non pertencentes á OCDE.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á Unión Económica e Monetaria incrementáronse un 5,8% e os do resto de países un 0,7%

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Outubro 2008

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
UEM	-2,1	1,3	UEM	5,8	1,6
UE-25	-2,4	0,9	UE-25	2,5	1,2
OCDE	-1,2	1,8	OCDE	2,9	3,8
Resto de países	-9,2	7,1	Resto de países	0,7	11,4

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>